



CNAI, de chapuza en chapuza... até a cacicada final

Xa ten pasado moito tempo dende que en febreiro de 2010 a empresa informara da intención de crear un grupo para dar soporte de Nivel 2 no CNAI. Un grupo formado por Técnicos Medios que, segundo pretende a empresa, debe dar soporte 24 h/365 días ao ano.

Dende esa data, febreiro de 2010, xa se deberían ter tomado medidas para dotar ao departamento do persoal necesario, pero o tempo foi pasando e o grupo de traballo seguía precisando persoal, dese xeito asumiron a actividade sen cubrir todas as quendas.

Nas numerosas Comisións de Xestión onde se tratou este tema, dende a CIG insistimos unha e outra vez que se cubrisen as prazas dando traslados, pois hai solicitudes de abondo para A Coruña. Canto antes desen os traslados antes terían ao persoal formado para entrar a traballar.

No ano 2010 puido dárselle traslado aos Técnicos que se necesitaban mais a cousa non foi así. En febreiro deste ano a empresa pon (a dedo) a 3 OTPI a facer función de Técnico e incorpóraos ao grupo de traballo dos Técnicos. Ante esta situación o Comité de empresa pon unha denuncia na Inspección de Traballo no mes de marzo, en xuño recibimos resposta onde se indica que pasados 6 meses dende que os OTPI están a facer función de Técnico, as prazas xerarían vacantes que deben cubrirse por persoal da súa categoría.

A Inspección resolve que se a 31 de xullo de 2011, que é cando se xerarían as 3 vacantes, a empresa non adoptara ningunha medida para cubrir esas prazas estaría infrinxindo a Normativa e nese caso poderíanse adoptar as medidas pertinentes.

Dende a CIG levamos tempo insistindo no Comité de Empresa que temos que actuar, non podemos deixar pasar o tempo sen que a empresa resolva a situación. CCOO e UGT insisten tamén pero no contrario, que temos que darlle tempo á empresa, cando menos até final de ano que sería cando se resolvesen os traslados ordinarios.

O Grupo de provisión de recursos humanos onde se tratan os traslados, grupo formado pola empresa e os sindicatos CCOO, UGT e UTS, acordan unha Convocatoria Especial de Traslados para o CNAI. Isto é traslados por perfil, ou sexa a dedo.

Este tipo de traslados pode ter xustificación nalgún caso, por exemplo para prazas especiais como pode ser nos centros de internacional, pola necesidade de ter que dominar idiomas estranxeiros, formación que non se ten pola correspondente categoría mais non é de recibo aplicala neste caso.

Así pois, despois de todas as chapuzas que foron facendo, a empresa e os sindicatos socios acordan esta CACICADA. Non se dará o traslado aos traballadores que lles corresponda pola normativa, senón que entre a empresa e os socios elixiranos a dedo. Para esta chapuza non facía falta esperar ano e medio.

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!

Compostela 22 de novembro de 2011